



BANDO

AVALIACIÓN E ACREDITACIÓN DAS COMPETENCIA PROFESIONAIS ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO

Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña

FAGO SABER:

Que a Consellería de Traballo e Benestar publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) número 61, do 28 de marzo de 2011, a Resolución do 17 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se realiza a convocatoria pública do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia da área de atención sociosanitaria do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

OBXECTO

Convocatoria para a **avaliación e acreditación das competencias profesionais** adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, nas unidades de competencia das cualificacións profesionais de **Atención sociosanitaria a persoas no domicilio**.

REQUISITOS

- Posuír nacionalidade española, atoparse incluído, como residente comunitario ou familiar deste, ou ser titular dunha autorización de residencia en España en vigor.
- Ter 20 anos cumpridos no momento de realizar a inscrición no procedemento.
- Ter experiencia laboral e/ou formación relacionada coas competencias profesionais que se queiran acreditar:
 - o Experiencia laboral: xustificar polo menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos dez anos transcorridos antes de realizar a convocatoria
 - o Formación: xustificar polo menos 300 horas nos últimos dez anos transcorridos antes de realizar a convocatoria.

SOLICITUDES E PRAZO

As solicitudes remitiranse á Dirección Xeral de Formación e Colocación coa documentación que se especifica no artigo 6 da dita Orde.

O **prazo** de presentación de solicitudes **rematará o 27 de abril de 2011**.

INFORMACIÓN

Para máis información chamen ao concello ao teléfono 981 687 001 en horario de 08.00 a 15.00 horas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Mesía, 28 de marzo de 2011

Asdo.